



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE 2025, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES

Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS
------------	---

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (29/01/2025).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria na que hai que realizar unha corrección de erros.

No punto cinco da orde do día relativo ao acordo de participación no plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS + 2025 (Plan único de Concellos).

-No apartado 1A) onde di: “Financiamento de gastos correntes que se devindiquen no exercicio 2025, a achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes é de 113.965,10 euros”, e non 113.966,20 como figura na acta, polo que o subtotal de gasto corrente é de 393.980,23 euros.

-No apartado 1B) onde di: “Financiamento de investimentos, o orzamento do Proxecto de reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla ascende á cantidade de 157.814,29 euros”, de non 157.813,19 euros, como figura na acta, polo que o subtotal investimento achega provincial 2024 é de 157,814,29 e non o que figura na acta.

Polo que o apartado C, Resumo, quedaría do seguinte xeito:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Concello				
POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	280.015,13				280.015,13
	Achega 2024	113.965,10				113.965,10
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	0	0	0	0	0
	Achega 2024	157.814,29	0	0	0	157.814,29
C.- TOTAL.	Achega 2025	280.015,13	0	0	0	280.015,13
	Achega 2024	271.779,39	0	0	0	271.779,39
	TOTAL	551.794,52	0	0	0	551.794,52

-Por último no POS + 2025 complementario, onde di: “o importe do Proxecto de reforma de camiños en Illobre, San Miguel e San Mamede ascende á cantidade de 141.881,53 euros e non 141.881,21 euros, como figura na acta.

Apróbase por unanimidade dos asistentes, feitas as citadas correccións.

2º.- Acordo sobre adhesión do concello á declaración institucional da Fegamp con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Con motivo da celebración o vindeiro 8 de marzo do Día Internacional da Muller, a Xunta de Voceiros da Fegamp na súa reunión celebrada o 11 de febreiro aprobou unha Declaración Institucional e convidan ao Concello a subscribila.

O texto é o seguinte:

DEREITOS, IGUALDADE E APODERAMENTO PARA TODAS AS MULLERES E NENAS EN TODA A SÚA DIVERSIDADE

Declaración Institucional con motivo do 8 de Marzo de 2025 Día Internacional da Muller

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) conmemora este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o compromiso do municipalismo cos dereitos das mulleres, cara acadar a igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local dende o pulo de medidas concretas que reforcen os dereitos das mulleres e as nenas, para que sexan protagonistas do seu propio presente.



Este ano facémolo baixo o lema “Dereitos, Igualdade e Apoderamento. Para todas as mulleres e nenas”, promovido desde ONU - Mulleres, facendo un chamado á acción para acadar a igualdade de dereitos e oportunidades para todas as mulleres, e en especial as mulleres novas e as nenas, agora que se cumpren 30 anos de Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, adoptada por cento oitenta e nove gobernos durante a Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada na capital chinesa.

En 1995 sentaron as bases para o avance dos dereitos das mulleres e nenas en todo o mundo, desde a intervención as políticas, os programas e o investimento que teñen efecto na educación, a saúde, a paz, os medios, a participación política, o poderamento económico e a eliminación da violencia que aínda padecen.

Trinta anos despois segue sendo necesario reforzar a nivel global e local a aplicación de medidas en tres áreas clave:

- Fomento dos dereitos das mulleres e nenas fronte a toda forma de violencia, discriminación e explotación.
- Promoción da igualdade de xénero elevando as voces das mulleres e nenas para acabar coas desigualdades.
- Impulsar o poderamento garantindo o acceso inclusivo de mulleres e nenas á educación, ao emprego, ao liderado e aos espazos de toma de decisións.

Os concellos e deputacións galegas son conscientes da necesidade de avanzar na representación paritaria de mulleres e homes nas entidades locais. As mulleres seguen a padecer máis dificultades que os homes para desenvolver a súa actividade política local.

Tense que seguir dando importantes avances nos liderados femininos para conseguir superar nos trescentos trece concellos galegos o 40% de alcaldesas (agora no 22%) como xa acontece coas concelleiras, que xa son o 40%. No caso das presidencias das catro deputacións, o reto é que, no seguinte mandato, polo menos dúas contén cunha presidenta e que as deputadas provinciais tamén superen o 40% (agora no 36%).

Dende o municipalismo galego recoñécense estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que as entidades locais sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade.

Por iso, neste período ata as próximas eleccións, a FEGAMP en representación do municipalismo galego mantén o seu compromiso con:

- A promoción da participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías.
- A incorporación da perspectiva de xénero en todas as políticas e programas locais, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.
- A aplicación de medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.



- A atención específica ás nenas e ás mulleres novas; ás mulleres do medio rural, e ás mulleres con discapacidade, para acadar as reivindicacións sinaladas nesta declaración institucional.
- O pulo de campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres e ás nenas vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.
- A colaboración e coordinación das administracións locais, pola súa proximidade á cidadanía, coas administracións autonómica e estatal para prestar os servizos de calidade que permitan conseguir cidades e vilas libres de violencias machistas, onde a autonomía e independencia das mulleres sexa unha realidade presente.

O Pleno municipal por unanimidade dos asistentes acorda subscribir a citada declaración.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, con motivo dos problemas existentes co transporte metropolitano.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista na que expoñen que a Xunta de Galicia implementou recentemente cambios nas liñas de autobús que conectan Vedra con Teo e Santiago de Compostela, modificando os horarios de nove servizos e establecendo paradas baixo demanda en seis liñas, acordadas co concello de Vedra que se comprometeu a informar á veciñanza sobre o funcionamento do servizo de reserva previa.

Os veciños de Vedra presentaron alegacións á Xunta de Galicia en resposta aos recortes nas liñas de autobuses que afectan á súa comunidade, xa que estas modificacións teñen un impacto significativo na mobilidade dos residentes, especialmente daqueles que dependen do autobús para desprazarse a traballar, estudar ou acceder a servizos esenciais, facendo especial fincapé na liña das 14:30 horas que empregan numerosos estudantes do concello de Vedra e que se retrasou para as 15:15 horas.

Este movemento veciñal reflicte a preocupación crecente en moitas áreas rurais de Galicia respecto ás políticas de transporte público da Xunta de Galicia e o seu impacto no desenvolvemento e cohesión social. Así, as alegacións presentadas subliñan a importancia de manter unha rede de transporte público adecuada que atenda ás necesidades da poboación local e evite o illamento das zonas rurais.

Polo exposto o Grupo Municipal Socialista propónlle ao Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vedra acorda instar á Xunta de Galicia a que reconsidere os recortes propostos nas rutas e frecuencias dos autobuses do concello de Vedra, atenda as alegacións presentadas e que se abra un diálogo cos/cas veciños e veciñas afectados/as para atopar solucións que garantan un servizo de transporte eficiente e accesible para todos.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que a petición do grupo socialista nesta moción é chegar a un consenso ente os tres grupos políticos e instar á Xunta de Galicia a que reconsidere os recortes propostos nas rutas e frecuencias dos autobuses no concello de Vedra, e que se abra un diálogo cos veciños afectados para atopar solucións que garantan un servizo de transporte eficiente e accesible para todos.



Entre todos os servizos que existen, hai dúas liñas que entende son fundamentais: a da mañá na que van os estudantes a Santiago e a de mediodía na que veñen para as súas casas ás 14:30 horas.

Este contrato non debería ter ningunha negociación, porque independentemente da empresa que preste o servizo, esta ten que aterse as condicións que o contrato ten marcadas.

Pero xa entrando no diálogo e indo a negociacións, o que non se pode permitir é que modifiquen o horario das dúas liñas que máis viaxeiros teñen na actualidade, e que a súa vez serven para facilitar a conciliación familiar.

Nesta semana que se leva producindo o cambio horario son moitas as familias que van recoller os seus fillos/as á Susana, co trastorno que isto pode ocasionar nas conciliacións familiar e laboral.

Esta liña de bus tamén era empregada por moitas persoas usuarias que traballan en Santiago, sobre todo da parroquia de San Xián e que empregaban a liña das 14:30 horas para volver ás súas casas e poder atender aos seus fillos/as cando volvían dos centros educativos. Na actualidade están chegando á casa arredor das 16:0 horas o que empeora a calidade de vida e de conciliación.

Vivir no rural non ten que ser un impedimento para as familias vedresas e moito menos porque Vedra é un concello con tanta proximidade a Santiago de Compostela, onde estuda e traballa parte da nosa veciñanza.

Gustaríalle saber se o Sr Alcalde lle pediu á Xunta o informe xustificativo dos cambios e cales son as xustificacións que neles aportan.

Porque o que teme é que agora é un cambio horario, que vai provocar unha grande baixada de usuarios e en breve poñerán a liña a demanda como fixeron con outras por baixa demanda de usuarios. Isto non se pode consentir cunha liña que leva toda a vida a esta hora e que tanta demanda ten e que é tan necesaria.

En todo caso se a empresa non é capaz de cumprir o contrato terán que rescatarlle a concesión.

O Sr. Alcalde dixo na reunión cos veciños que a Consellería non lle informara, nin negociaran con el, simplemente lle chegara unha resolución. Pola contra na páxina da Xunta aparece “O establecemento de paradas baixo demanda en liñas e horarios que rexistran unha ocupación moi reducida acordouse co concello de Vedra”.

Entón, se foi negociado considera que non está ben negociado e se non foi negociado, pois que a Xunta reconsidere os recortes propostos nas rutas e frecuencias dos autobuses no concello de Vedra, e que se abra un diálogo cos veciños afectados para atopar solucións que garantan un servizo de transporte eficiente e accesible para todos.

A Presidencia responde que hai que facer algo de memoria sobre o que pasou estas semanas e o que lle contou á veciñanza que asistiu á reunión do xoves 13 de febreiro.

En relación á moción, di que é unha moción tipo porque mesmo fala doutros concellos da Coruña e ten algunhas inexactitudes, como o horario das 15:15 e non ás 15:08.

O pasado mércores vinte e dous de xaneiro recibiu unha chamada dunha persoa que lle informa de que nesta concesión a partir duns días despois, van aplicar unha serie de cambios horarios,



unha serie de expedicións e paradas a demanda, etcétera, preguntándolle se sabía algo. Nin a operadora nin a Xunta de Galicia lle comunicaran nada a Vedra e Teo, que tamén está afectado.

No momento en que ten coñecemento disto, o mesmo mércores pola tarde chama á Directora Xeral para preguntar por este tema e contéstalle que non sabía nada. Quedaron de falar ao día seguinte, e é cando lle informa de que hai, dentro da relación contractual entre a Xunta de Galicia e a adxudicataria para unhas concesións dentro deses contratos a longo prazo, no que a operadora presenta unha serie de solicitudes de modificación. Nese proceso hai uns informes técnicos, descoñecidos polo concello, e a Xunta de Galicia denégalle parte do que solicitan e autorízalle outras. A Xunta de Galicia dita unha resolución autorizando unha serie de cambios.

A operadora, Monbus, ten unha resolución administrativa da Xunta de Galicia autorizándolle certos cambios. Nese momento fala coas operadoras das liñas (Monbus e Seoane) para que lle pasen eses cambios, o cal fan o xoves. Ese mesmo día pola tarde, porque os cambios comezaban a executalos o luns seguinte, ten a relación de cales son os cambios aceptados e autorizados por resolución da Xunta de Galicia, e ten unha reunión para contrastalos cos responsables das empresas operadoras.

Algúns dos cambios non teñen maior transcendencia, pero outros si que teñen un efecto negativo no transporte metropolitano en Vedra.

Ao día seguinte tiña unha reunión prevista coa Directora Xeral en A Coruña por outros motivos, e reúne cos técnicos da consellería, e cos coordinadores de Monbus, e aí é cando manifesta o seu desacordo con eses cambios e que hai que buscar a maneira de volver iso atrás.

A Directora Xeral paralizou a implantación deses cambios mentres non houbese esas reunións cos concellos. Isto supón que Monbus renuncie a algo que lle tiñan concedido e que supón unha das grandes dificultades.

Nese momento o concello formula once reclamacións a eses cambios que eran prexudiciais para o transporte metropolitano en Vedra, e non o fai noutros cambios que non teñen relevancia e non causan ningún prexuízo, e algún outro que xa ían demandar e reclamar xa que tiñan escritos de persoas solicitando eses cambios horarios. Así estiveron durante quince días facendo un traballo inxente con chamadas, reunións, etcétera.

Os cambios que entende que prexudicaban aos usuarios do concello de Vedra son varios. Primeiro había unha autorización para expedicións a demanda. A ruta, parada, horarios, existen, pero en vez de pasar o autobús hai que chamar para que o recollan e hai que facelo antes das 19:00 horas do día anterior laborable, e mesmo se pode reservar por mes. Expuxeron dúas rutas, unha onde o concello non poñía problemas porque os datos dicían que a expedición Sarandón – Pontevea – Sarandón, os autobuses levaban dous anos circulando cunha media de usuarios de 0,45. Entende que era razoable que se declare como expedición a demanda. A outra era a de Merín – Santiago, que despois duns anos tiña unha media de usuarios de 1. Esta mantense como liña regular.

As paradas a demanda hai que explicalas. Se hai unha liña que ten varias paradas, aínda que poñan algunhas das paradas como paradas a demanda, como a liña ten que pasar igual por alí si ou si, non ten relevancia na práctica porque o vehículo vai pasar ida e volta sempre nos horarios e frecuencias establecidas, polo que non é necesario chamar.

Pode haber problemas cando por exemplo poñen ata unha determinada parada a liña fixa, e dende aí ata o final, baixo demanda.



Independentemente de que os datos avalaran iso, entende que iso era un prexuízo para os veciños de Vedra. Nas paradas a demanda, rectifican de tal xeito que non afectan na práctica á veciñanza.

Outro dos problemas era o de algúns horarios; os dous da mañá que os poñían ás 07:05 horas, e que finalmente rectificaron, e o das 14:30 que pasaba ás 15:25 horas. No das 14:30 horas é certo que cando menos quedou para as 15:08, xa que o tiñan programado para as 15:25 horas, o cal era absurdo porque xa puxeron outras expedicións ás 15:25 horas. Neste horario é no único no que non se chegou a un acordo.

É certo que se perdeu o das 14:30 horas, pero tamén se gaña o das 15:25 horas. Ten escritos de veciños que lles pedían expresamente que houbera unha expedición que saíse ás 15:20 horas, porque non daban chegado á hora de saída da expedición anterior. O concello mantivo a súa negativa tanto coa operadora da liña como coa Xunta de Galicia ao cambio de horario do das 14:30. Van pelexar por recuperar esa frecuencia a medio prazo. Quizais sexa mellor a expedición ás 14:40 horas, porque se a motivación principal é a saída dos alumnos do instituto de referencia, Pontepedriña, os alumnos tiñan que pedir para saír dez minutos antes para coller ese autobús.

Dito isto, en referencia ao acordo da moción presentada, o grupo de goberno vai presentar unha emenda de substitución coa que poidan chegar a un acordo.

Hai unha parte importante da moción que van respectar, pero non está de acordo coa frase “que reconsidere os recortes propostos nas rutas e frecuencias”, porque despois de pelexar de once rectificacións solicitadas aceptaron dez.

A proposta que fai é a seguinte: *“O Pleno do concello de Vedra acorda instar á Xunta de Galicia e á operadora adxudicataria da concesión XG807 a que recuperen o horario da expedición das 14:30 horas ou a establecer unha nova expedición arredor das 14:40 horas; a que atendan as alegacións presentadas e que se abra un diálogo cos veciños afectados para atopar solucións que garantan un servizo de transporte eficiente, sostible e accesible para todos.*

Igualmente instar á Xunta de Galicia a que, na medida que legalmente sexa posible, se estableza unha consulta previa obrigatoria aos concellos afectados, dentro do procedemento establecido e antes de resolver, cando os operadores das concesións propoñan modificacións dentro das mesmas.”

A Presidencia cre que a emenda recolle perfectamente o que se pode acordar en Pleno e logo o espírito da moción do grupo socialista.

O Sr. Pose, do BNG, di que isto ten outra explicación que é moi sinxela: a planificación feita no seu momento do transporte metropolitano dente Teo, que non dende Vedra. No seu momento advertiulles das consecuencias que tería para as empresas do concello, que están sometidas a un estrés que non soportan e por iso quebran. A empresa que está detrás, Monbus, quere rendibilizar as liñas e para iso saca os autobuses do horario escolar. Cando pasa unha liña a baixo demanda, séguenlla pagando e a empresa aforra porque ese autobús vai para outro sitio.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que no tema das liñas a demanda, si é certo que a empresa segue cobrando independentemente de que pase ou non. Nese contrato figuran 177.000 quilómetros que se poden reclamara para incluílos nalgún lugar onde interese prolongar algunha liña máis.

A Presidencia pregunta se van aceptar a emenda de substitución.



A voceira socialista di que se confirma que as outras dez reclamacións están aceptadas e van loitar pola das 14:30 horas ou implementar a das 14:40 horas, si.

Intervén o Sr. Pose, do BNG, para indicar que apoian a moción porque a presenta o PSdeG-PSOE. Está canso de que a oposición presente mocións e o grupo de goberno as manipule para saír indemne. Se o grupo de goberno non está de acordo coa moción, o que debe facer é presentar outra.

Posta a votación a moción coa emenda de substitución, apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ás dúas primeiras relacionadas coa Escola Infantil Municipal e o tema da compostaxe, di que son rogos.

2º.- Sobre a nova licitación do SAF, di que están coa redacción dos pregos. A idea é que queden definitivamente xa redactados, e se todo vai ben, o normal é que comece en abril a licitación do SAF.

3º.- Respecto aos horarios das liñas de transporte, di que xa foi debatido na moción.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a licitación do SAF, di que xa está contestada.

2º.- Respecto ás prazas da Escola Infantil Municipal, e á posibilidade de que vaian á gardería de Lestedo, di que xa están falando co concello de Boqueixón.

5º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Respecto aos actos do 8M, esperaba que este ano, que acae en sábado, se fixera o acto noutro lugar que non fose a casa consistorial, porque o aforo é limitado. Espera que reconsideren facer o acto nun espazo máis amplo.

Despois dos rogos que fixo o ano pasado con respecto ao acto que houbo, agardaba que contactaran coa voceira socialista e do BNG, para coñecer o que se ía facer.

2º.- Sobre o SAF, entende que aínda está o contrato en vigor. Este mes as traballadoras cobraron o seu salario o día 10, porque parece ser que houbo un problema de pago entre o concello e a empresa. Espera que mentres non haxa un novo contrato, iso non volva suceder.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e vinte minutos.